



2026

4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24



FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO

**ARTIGO 1 DEFINICIÓN.**

**ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.**

**ARTIGO 3 ASPIRANTES.**

**ARTIGO 4 INSCRICIÓN.**

**ARTIGO 5 REGULAMENTO TÉCNICO.**

**ARTIGO 6 PROBAS.**

**ARTIGO 7 VERIFICACIONES.**

**ARTIGO 8 REGULAMENTACIÓN DEPORTIVA.**

**ARTIGO 9 PUNTUACIONES.**

**ARTIGO 10 PUBLICIDADE.**

**ARTIGO 11 MODIFICACIONES NO REGULAMENTO.**

**ARTIGO 12 CADRO DE SANCIONES.**

**ARTIGO 13 PREMIOS.**

**ARTIGO 14 PREMIOS FINAIS.**

**ARTIGO 15 BECA 24, PREMIOS FINAL.**

**ARTIGO 16 POSTOS DE SAIDA.**

**ARTIGO 17 INFORMACIÓN ADICIONAL.**

**ARTIGO 18 COMITÉ ORGANIZADOR.**

**Artigo 1.- DEFINICIÓN.**

A Federación Galega de Automobilismo, en colaboración co Comité Organizador, pon en marcha o **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, coa finalidade expresa de dinamizar a participación nas competicións galegas de automobilismo. O presente Regulamento complementarase coas Prescricións Comúns e o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, nos apartados que non figuren neste documento.

**Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.**

O Comité Organizador ten entre as súas facultades ditar anexos que formarán parte deste regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver todos os imprevistos. Os devanditos anexos e modificacións deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web <http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, e un representante do Comité Organizador.

En tódalas probas puntuables haberá un Comisario en representación do Comité que se encargará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitirle ao Comité os problemas e incidencias que se presenten, así como de controlar a perfecta colocación da publicidade nos vehículos e o estrito cumprimento das normas técnicas, administrativas e deportivas.

**Artigo 3.- ASPIRANTES.**

Os aspirantes a participar no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** deberán reunir as seguintes condicións:

- 1.- Formarán parte integrante do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, todos aqueles deportistas, nados en Galicia ou non nados, que estean empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia, e a teñan polo menos dende dous anos antes do inicio da tempada na copa de promoción na que quixeran participar, e que estean inscritos oficialmente nela, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador. Terán que acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou certificado de empadramento no que consta a súa antigüidade.
- 2.- Licenzas: Posuír as licenzas segundo o anexo I publicado pola F.G. De A. que habilita o concursante, piloto e copiloto para participar nas probas sinaladas no art. 6.
- 3.- Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada, non poderán mudar a copas, Trofeo, Reto, ou Challenge de Rango inferior ata a tempada seguinte previa autorización da F.G. de A.
- 4.- A participación na BECA 24 está reservada exclusivamente a pilotos nados a partir do 1 de xaneiro de 2002. O mero feito de enviar a solicitude non implica a súa aceptación. As inscricións serán efectivas cando o Comité Organizador llo comunique ao interesado mediante documento autorizado. Esta BECA está dirixida aos nados en Galicia ou que non fosen nados e estivesen empadroados e teñan a súa residencia oficial en Galicia dende polo menos dous anos antes do inicio da tempada na copa de promoción na que se desexen participar, e que estean oficialmente inscritos nela, con aceptación oficial e expresa do Comité Organizador ao seu único criterio de aceptación ou rexeitamento. Deberán acreditar o cumprimento destes requisitos achegando certificado de nacemento ou certificado de empadramento no que conste a antigüidade.
- 5.- O copiloto do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, poderá ser Junior ou Senior, non sendo esta condición exclusiva para que o piloto poida optar á BECA 24.
- 6.- Non poderá participar na Beca 24, ningún piloto gañador dalgún campionato ou trofeo de promoción nacional, rexional ou bolsas, salvo que proveñan de autocross, karting ou montaña. Fóra da decisión do comité organizador ou FGA baixo estudo previo.
- 7.- A comisión organizadora e a Federación Galega de Automobilismo resérvanse o dereito de rexeitar calquera inscrición no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** sen necesidade de xustificala.

8.- Os pilotos e copilotos que participen na copa deberán asistir á entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, vestindo a indumentaria subministrada polo organizador que se lles entregue durante a tempada. O incumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico aos que puidera optar.

10.- Para puntuar, o piloto inscrito deberá conducir o 100% dos tramos cronometrados.

#### Artigo 4.- INSCRICIÓNS.

4.1.-Tódolos interesados en inscribirse no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** terán que facelo enviando o formulario de inscrición no formulario "online" situado en:

<http://www.fga.es/formularios/>

4.2.-Deberán xuntar factura da empresa AMF MotorSport, S.C.G pola compra de polo menos 5 pneumáticos da marca Nankang, ademais dun xogo de pastillas de freo GT2i Race para o **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, e todos aqueles utilizados nos eventos do Campionato onde figure como concepto a que piloto van a ir asignados ditos pneumáticos, enviando dita factura á FGA.

4.3.- A inscrición deberá realizarse o día antes do peche das inscricións do primeiro evento no que se desexe participar.

4.4.-Non se admitirá ningunha inscrición incompleta.

Unha vez aceptada a inscrición no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, o participante quedará oficialmente inscrito nel.

#### Artigo 5.- REGULAMENTO TÉCNICO

##### 5.1.- VEHÍCULOS ADMITIDOS

A participación no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** resérvase única e exclusivamente a vehículos homologados de cilindrada inferior a 1.200 cc atmosféricos, con motor específico dentro da súa folia de homologación expedida pola FIA ou Federación Galega. Coches de copas de promoción, grupo A, N, N3, X, H, Ou de copas de España, tipo Peugeot 107 Volant Racc - Mavis e que cumpran coas especificacións técnicas e elementos de seguridade no momento da súa creación. Tódolos vehículos serán verificados e aceptados pola comisión establecida **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**

<b>N3-R-07</b>	Toyota Aygo N3	998	RFEDA ESPAÑA
<b>N3-R-05</b>	Dacia Sandero N3	1149	RFEDA ESPAÑA
<b>N-5595</b>	Fiat Seicento Sporting Abarth	1108,3	FIA ITALIA
<b>N-5593</b>	Fiat Seicento Sporting	1108	FIA ITALIA
<b>N-5529</b>	Fiat Cinquecento Sporting	1108	FIA ITALIA
<b>N-5489</b>	Peugeot 106 XN	954	FIA FRANCIA
<b>N-5485</b>	Renault Clío RN 1200 (C57A05)	1171	FIA FRANCIA
<b>N-5463</b>	Fiat Cinquecento	903	FIA ITALIA
<b>N-5236</b>	Ford Fiesta 1.1	1100	FIA
<b>N-5234</b>	Fiat Uno 55 S	1116	FIA ITALIA
<b>N-5208</b>	Fiat Uno 45 S	903	FIA ITALIA
<b>N-5159</b>	Fiat 127 Sport 70 HP (127 A2)	1049	FIA ITALIA
<b>N-5155</b>	Fiat Panda 45 (141 A1)	903	FIA ITALIA
<b>N-5064</b>	Autobianchi A 112 Abarth 70 HP (A 112 A1)	1050	FIA ITALIA
<b>A-5760</b>	Skoda Fabia 1.0 MPI 44 KW	999,1	FIA REP CHECA

<b>A-5595</b>	Fiat Seicento Sporting Abarth		1108,3	FIA ITALIA
<b>A-5593</b>	Fiat Seicento Sporting		1108	FIA ITALIA
<b>A-5529</b>	Fiat Cinquecento Sporting		1108	FIA ITALIA
<b>A-5489</b>	Peugeot 106 XN		954	FIA FRANCIA
<b>A-5485</b>	Renault Clío RN 1200 (C57A05)		1171	FIA FRANCIA
<b>A-5463</b>	Fiat Cinquecento		903	FIA ITALIA
<b>A-5358</b>	Seat Marbella GL 5 vel		903	FIA ESPAÑA
<b>A-5313</b>	Renault 4 GTL		1108	FIA FRANCIA
<b>A-5236</b>	Ford Fiesta 1.1		1117	FIA ALEMANIA
<b>A-5234</b>	Fiat Uno 55 S		1116	FIA ITALIA
<b>A-5208</b>	Fiat Uno 45 S		903	FIA ITALIA
<b>A-5193</b>	Skoda 120 LS		987	FIA JAPON
<b>A-5199</b>	Nissan March (K10)		987	FIA JAPON
<b>A-5159</b>	Fiat 127 Sport 70 HP (127 A2)		1049	FIA ITALIA
<b>A-5155</b>	Fiat Panda 45 (141 A1)		903	FIA ITALIA
<b>A-5106</b>	Opel Corsa A 1.0L		993	FIA ALEMANIA
<b>A-5105</b>	Fiat Ritmo 60 L (138 A/3/5)		1116	FIA ITALIA
<b>A-5102</b>	Skoda 120 LS		1172	FIA REP CHECA
<b>A-5064</b>	Autobianchi A 112 Abarth 70 HP (A 112 A1)		1050	FIA ITALIA
<b>A-5030</b>	Talbot Samba GL		1124	FIA FRANCIA
<b>A-5028</b>	Volkswagen 86 - Polo		1093	FIA ALEMANIA
<b>A-5008</b>	Seat Panda 45		903	FIA ESPAÑA
<b>COCHES PROCEDENTES DE COPAS AUTONÓMICAS EN ESPAÑA</b>				
<b>GRUPO "X"</b>	Peugeot 107			RACC CATALUÑA
<b>GRUPO "X"</b>	Kía Picanto			COPA CANARIA
<b>COCHES NON HOMOLOGADOS FIA</b>				
<b>GRUPO "X"</b>	Volkswagen Lupo	L4 8v	997	1998-2005
<b>GRUPO "X"</b>	Seat Arosa 1.0	L4 8v, OHV	997	1998-2004
<b>GRUPO "X"</b>	Peugeot 206 1.1	TU1 JP (HFX) 3 portas	1124	1998-2012
<b>GRUPO "X"</b>	Citroen Saxo	TU9 ML/Z - 3 portas	954	1995-2000
<b>GRUPO "X"</b>	Citroën Saxo	TU1 M/Z - 3 portas	1124	2000-2003
<b>GRUPO "X"</b>	Citroën C2	TU1 JP (HFX) - 3 portas	1124	2003-2010
<b>GRUPO "X"</b>	Renault Clío	D7F - L4 8V - 3 portas	1149	1998-2009
<b>GRUPO "X"</b>	Renault Clío	D4F-1.2 16V - 3 portas	1149	2001-2009
<b>GRUPO "X"</b>	Peugeot 106 1.1	L4 8v - 3 portas	1123	1991-2006
<b>GRUPO "X"</b>	Nissan Micra 1.0	CG10DE	998	1992-2002
<b>GRUPO "X"</b>	Opel Corsa 1.0 12 v	L3 12v - 3 portas	973/998	1997-2003
<b>GRUPO "X"</b>	Opel Corsa 1.2 8v	L4 8v - 3 portas	1196	1993-1998
<b>GRUPO "X"</b>	Opel Corsa 1.2 16v	L4 16v - 3 portas	1199	2000-2004

<b>GRUPO "X"</b>	Seat Ibiza 1.0	L4 8v - 3 portas	1043	1993-1996
<b>GRUPO "X"</b>	Seat Ibiza 1.0 MPI	L4 8v - 3 portas	999	1996-2002
<b>GRUPO "X"</b>	Seat Ibiza 1.0 16V	L4 16v - 3 portas	999	2000-2002
<b>GRUPO "X"</b>	Seat Ibiza 1.0	L3 6v - 3 portas	1198	2002-2008
<b>GRUPO "X"</b>	Seat Ibiza 1.2	L3 12v - 3 portas	1198	2002-2015
<b>GRUPO "X"</b>	Toyota Yaris	70 12v DOHC - 3 portas	998	1999-2020

### **CALQUERA OUTRO VEHÍCULO, CONSULTAR.**

Todos os vehículos con homologación deberán presentar a ficha de homologación do devandito vehículo.

ESTÁ PROHIBIDO TODO O QUE NON ESTE AUTORIZADO POR ESCRITO NESTE REGULAMENTO.

### **5.2.- PREPARACIÓN ADMITIDA VEHÍCULOS HOMOLOGADOS FIA E DE COPAS REXIONAIS**

Vehículos con homologación FIA segundo a folia de homologación. Quedan prohibidas as extensións V.O. E V.K. Nas follas de homologación FIA, a excepción dos vehículos con cilindrada menor a 950 c.c.

Os vehículos fabricados a partir do 1de Xaneiro de 2018 terán que ser de estrita serie a excepción das medidas obrigatorias de seguridade e con un máximo de llanta 14.

### **NORMATIVA PARA VEHÍCULOS NON HOMOLOGADOS FIA**

Os vehículos procedentes de copas autonómicas (Nacionais), manterán a normativa establecida para a devandita copa no seu momento (se o vehículo procede dunha copa autonómica e se tivese homologación FIA, predominará a Ficha FIA).

Os vehículos NON HOMOLOGADOS FIA deberán contar coa autorización explícita da FGA e verificado o correcto cumprimento da norma establecida.

□ A cilindrada do automóbil deberá figurar na ficha técnica e que corresponda entre os anos e datas de fabricación dese modelo, así como a identificación do motor. O aspecto do coche deberá ser o mesmo que corresponde tamén á ficha técnica e aos anos nos que se fabricou o vehículo, non podendo modificar o aspecto interior ou exterior doutro modelo superior. (exemplo 106 1.1 - 106 rally, etc. etc.)

- Caixa de cambios orixinal do vehículo, podendo cambiar a relación do grupo por un da mesma marca do fabricante. Non se autorizan relacións secuenciais e pechadas con crabots.

- O autoblocante está autorizado.

- Motor orixinal e admisión orixinal.

- Electrónica orixinal. Centralita orixinal. Cableado orixinal da unidade de control.

- Prohíbese a suspensión con botella separada.

- Permítese a instalación eléctrica simplificada.

- Bomba de combustible orixinal.

- Fiestras e mecanismos orixinais.

-- Os freos pódense modificar as pastillas polas da marca gt2i sendo obrigatorias en tódalas probas.

- As manguerías de freo pódense modificar por unhas metálicas. Discos orixinais ou cun tamaño máximo de 250 mm. Tamén se pode modificar o tipo de disco podendo ser raiado ou perforado. Os discos ventilados soamente se permiten os de fábrica. As pinzas de freo serán as orixinais. O numero de parafusos de fixación será libre.

- As lamias son libres podendo elixir entre 13 e 14 polgadas. Pódense substituír os parafusos por porcas e espárragos

- A bomba de freo e outros mecanismos serán orixinais, podendo estrangular ou cancelar a conexión do tubo de baleiro.

- O freo de man pódese substituír por outro hidráulico ou de tipo hidráulico (cable) e regulador de freo.
- A liña de escape será libre e os colectores de escape.
- O catalizador pódese eliminar ou substituír.
- Os asentos traseiros tapizados pódense substituír sen deixar partes cortantes no interior.
- Resto da carrocería orixinal, cristais laminados e aspecto orixinal segundo ficha, modelo e ano na ficha técnica. Non se permite modificar carrocería nin ancho de aletas, mantendo o estado orixinal.
- A entrada de aire do teito está permitida.
- O salpicadeiro debe ser orixinal, non se permiten de fibra ou outros materiais. Só se pode cortar a parte da guantera e o oco das barras.
- A ponte traseira será orixinal, fusos, trapecios, etc. De estrita serie e medida orixinal. Os soportes do motor pódense substituír.
- Barras estabilizadoras libres de diámetro.
- O sistema de timonería do cambio ten que ser o orixinal. As rótulas Uniball están autorizadas por razóns de fiabilidade.
- Non se admiten modificacións no emprazamento dos radiadores, cortes de carrocería ou cambios para mellorar a entrada de aire.
- A admisión será orixinal e filtro de aire libre.
- Prohíbese o etanol ou o bioetanol e só se autoriza o uso de gasolina 95/98 vendida exclusivamente en surtidores convencionais.
- Autorízase a substitución da manguera de gasolina por outra de aviación (tal e como se define no anexo J, art. 253) e buscar outro lugar menos exposto a choques.
- Prohíbense os separadores.
- Admítense pneumáticos diferentes ós orixinais, mantendo o diámetro da roda.
- Non se permiten tomas de aire adicionais nin no motor nin nos freos.
- O peso do vehículo, non poderá ser inferior ó declarado polo fabricante.

**Todo o aquí non establecido, está prohibido.**

### **5.3.- PNEUMÁTICOS OBRIGATORIOS**

- .- Tódolos vehículos terán que competir con pneumáticos marca: **Nankang**.
  - .- Tódolos participantes terán que mercar polo menos cinco (5) pneumáticos, en:  

**AMF MotorSport, S.C.G.**  
Tel.: 986640715-607930393-616784863.
  - .- Control de pneumáticos: Queda terminantemente prohibido cubrir os códigos de cada pneumático e o seu composto.
- Para a tempada 2026 contarán cun selo identificativo que estará estritamente controlado. Non telo implica a inhabilitación no **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**.
- Os discos, as mangueras e as pastillas irán sen marcas de identificación especial en tódolos rallyes. En tódolos vehículos, permítese a montaxe de rodas e pneumáticos de 13 e 14 polgadas, a elección queda a criterio do equipo participante. Se un vehículo tivese de serie unha llanta-pneumático de maior tamaño, deberá solicitar autorización de uso á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.
- Establécese un máximo de seis (6) rodas da marca **NANKANG**, que serán marcadas e distribuídas só polo distribuidor establecido pola organización.
- Un equipo terá un comodín con DÚAS (2) rodas en caso de rotura dun pneumático, etc. que terá que solicitalo á organización. O comodín non será efectivo mentres o Comité Organizador do Criterium non o permita.
- A organización resérvase o dereito de aumentar os pneumáticos en caso de seguridade durante a duración do **4º CRITERIUM GALICIA 2026**.

**Pneumáticos a utilizar: NANKANG**

MODELOS E MEDIDAS DE PNEUMÁTICOS A UTILIZAR

**Econex NA-1 165/65/R13****Econex NA-1 175/60/R14****5.4.- PASTILLAS DE FREO**

É obrigatoria a compra dun xogo de pastillas de freo GT2i Race a GT2i. Soamente se permite utilizar pastillas distribuídas por GT2i para este Criterium Galicia TLF 972 40 56 78.

As pastillas utilizadas para o Criterium Galicia 2026, terán un prezo especial, tendo que informar ó distribuidor de que son mercadas para o Criterium Galicia.

**Artigo 6.-PROBAS.**

Para o **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** puntuarán as seguintes probas:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
6/7/8-03-2026	30º RALLYE DO COCIDO	ESCUDEIRIA LALIN-DEZA
17/18/19-04-2026	40º RALI BERBERECHO DE NOIA	ESCUDEIRIA BERBERECHO
8/9/10-05-2026	8º RALLYE MARÍÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORTS
10/11/12-07-2026	22º RALLYE SUR DO CONDADO	ESCUDEIRIA SURCO
21/22/23-08-2026	57º RALLYE DE FERROL	ESCUDEIRIA A. FERROL
25/26/27-09-2026	5º RALLYE COMARCA DO CARBALLIÑO	JLB MOTORSPORT

**Artigo 7.- VERIFICACIÓNS.**

Os coches participantes no Criterium Recalvi verificaranse previamente á primeira proba e selaranse os motores ou pezas mecánicas que considere a organización.

Proporanse días de verificación para precintar os vehículos.

Algunhas verificacións técnicas poderán ser realizadas pola comisión organizadora do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** antes de cada competición e itinerante durante a disputa da mesma, polo comité organizador ou comisarios técnicos designados dentro do regulamento particular ou o comisario técnico designado pola organización.

O comité organizador do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** poderá propoñer verificacións técnicas ao remate da competición, que se realizarán nos VEHÍCULOS que considere oportunos.

Para iso, o comité organizador tamén propón para o control técnico dos vehículos un representante por sorteo do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, podendo ser copilotos ou mecánicos a elección do equipo que saíu a sortear.

**O VEHÍCULO TERÁ QUE TER UNHA ADECUADA PRESENCIA DE CARROCERÍA E PINTURA AO REMATE DA PROBA. TAMÉN DEBERÁN TER UNHA PRESENCIA ADECUADA NO MOMENTO DE COMEZAR A COMPETICIÓN BAIXO RISCO DE DESCALIFICACIÓN.**

Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a descalificación da copa ou trofeo nesa proba, e en caso de ser descalificado noutra proba será motivo de exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe.

**CATEGORÍAS**

Establécese unha única categoría xeral ata 1200 cc atmosféricos para todos os participantes do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**.

PROMOCIÓN JUNIOR Categoría/BECA 24. Ata 24 anos (Ano de nacemento 2003 ou anterior).

**Artigo 8.- REGULAMENTACION DEPORTIVA.**

Ademais do presente regulamento do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, é de aplicación e cumpre o regulamento sinalado no artigo 1 do regulamento xeral do Campionato Galego de Rallyes de Asfalto 2026. Tódolos equipos inscritos deberán cumprilo.

**Artigo 9.- PUNTUACIÓNS.**

En cada unha das probas puntuables, para o **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

9.1.- Atribución de puntos segundo a praza obtida na clasificación xeral de scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	31	28	25	22	19	16	13	10	8	6	5	4	3	2

9.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a tódolos que finalicen a proba.

9.3.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán nin bloquearán ós puntos nesa proba.

9.4.- A clasificación definitiva do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** establecerase entre aqueles pilotos e copilotos que participen nun mínimo de 4 probas. De non cumprir o requisito non aparecerán na clasificación final do Criterium. Para a puntuación final conservaranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento, descontando o peor resultado (se se celebran as seis concentracións). Se un participante non participa nalguna das probas poderá ser descontada para a clasificación final.

9.5.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

9.6.- TC Plus, outorgaráselle 3 puntos ó primeiro clasificado, 2 puntos ó segundo clasificado e 1 punto ó terceiro clasificado do TC Plus que deberá establecer o organizador no seu Regulamento particular (Itinerario Horario). No caso de neutralización do TC Plus que afecte a algún participante do Criterium non se terá en conta este apartado.

**Artigo 10- PUBLICIDADE.**

Parasol dianteiro (non poderá levar publicidade que non sexa do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**. Espazos designados pola organización para os patrocinadores do Criterium. En ningún caso se permitirá cortar publicidade nin cubrir parcialmente a mesma. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A repetición do citado implicará a inhabilitación para todos os efectos do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**. O parasol dianteiro reservarase en exclusiva para o **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**, baixo pena de exclusión.

**Está prohibida a publicidade que sexa competencia directa dos patrocinadores directos do Criterium Recalvi, tal e como establecen as prescricións comúns.**

**Artigo 11.- MODIFICACIÓNS NO REGULAMENTO.**

Calquera modificación que se produza unha vez publicado este regulamento, así como calquera cambio no calendario das probas, será comunicada aos inscritos mediante complemento, coa publicación na páxina (<http://www.fga.es/>), e por correo electrónico aos inscritos.

**Artigo 12.- CADRO DE SANCIONES:**

Aplicaranse tódalas seguintes sancións, as estipuladas nas Prescricións Comúns dos Campionatos Galegos, nas Prescricións Comúns de Rallyes e as que se indican a continuación:

Falta de respecto a outro participante ou comisario EXCLUSIÓN CRITERIUM

Non ter publicidade obrigatoria	EXCLUSIÓN CRITERIUM
Utilizar máis rodas nunha proba (sen comunicar)	DESCALIFICACIÓN
Modificar a cilindrada do motor	EXCLUSIÓN CRITERIUM
Calquera tipo de modificación de seguridade	EXCLUSIÓN CRITERIUM
Formación ilegal	DESCALIFICACIÓN
Non respectar e difundir publicidade obrigatoria	DESCALIFICACIÓN
Modificar a mecánica establecida na normativa	DESCALIFICACIÓN
Non verificar ao final da proba	DESCALIFICACIÓN
Saír do parque sen abrilo	DESCALIFICACIÓN
Non asistir ás verificacións do sorteo	DESCALIFICACIÓN
Falta de selos nas pezas do motor	DESCALIFICACIÓN

O equipo participante dentro do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** que incorra nalgunha destas sancións, poderá dar lugar á perda do premio final de BECA 24, en función da gravidade e baixo estudo exclusivo da Comisión Organizadora co Departamento Xurídico da Federación Galega de Automobilismo.

### Artigo 13.- PREMIOS:

.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós premios en metálico nesa proba.

#### PREMIOS POR PROBA

1º	500 €	+ xogo pastillas de freo GT2i
2º	300 €	
3º	150 €	
4º	100 €	
5º	100 €	
6º ó 10º	100 €	

Todos os premios deste apartado están afectados pola retención vixente aplicada por Facenda (IRPF).

### Artigo 14.- PREMIOS FINAIS.

VENCEDOR CRITERIUM GALICIA 2026	TROFEO PILOTO E COPILOTO + BOLSA 3000€*
VENCEDOR BECA 24 CRITERIUM GALICIA 2026	TROFEO PILOTO E COPILOTO + BECA**
VENCEDOR CRITERIUM GALICIA +35 2026	TROFEO PILOTO E COPILOTO

**\* O gañador recibirá a bolsa económica sempre que non sexa tamén gañador da BECA 24 CRITERIUM GALICIA 2026**

**\*\* PARA SER GAÑADOR DA BECA DEBERÁ SER TAMEN O GAÑADOR DO CRITERIUM GALICIA 2026.**

### Artigo 15.- BECA 24, PREMIO FINAL.

Participación na Sandero Eco Cup Galicia 2027, ou equivalente (a negociar ca FGA)  
Este premio non inclúe inscricións nin gastos de manutención nas probas a realizar.

### Artigo 16.- POSTOS DE SAIDA.

Os participantes do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** comezarán despois da última copa de promoción estipulada pola federación, antes ou no medio, segundo considere a organización da proba. Nunca poderán pechar a lista de inscritos dunha proba.

Todos os pilotos da mesma sairán un tras outro, sen introducir ningún outro participante a través dos participantes da copa, excepto os pilotos que están en súper rallye.

No primeiro Rallye farase a lista a criterio da Federación Galega de Automobilismo, e a partir do segundo Rallye por orde de clasificación.

**Artigo 17.-INFORMACIÓN ADICIONAL.**

Comunicarase aos equipos quen ten que verificar ao remate da carreira e quen sae ao sorteo en cada carreira, para que tamén se poida achegar unha persoa designada para o rexistro e sinatura destas verificacións, que poderán realizarse na propia asistencia ou no punto designado pola organización.

O responsable do equipo deberá informar á organización no caso de cambio de copiloto e mecánico adscrito ou representante do equipo.

Tódolos pilotos do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** prestan a súa imaxe para a súa difusión nas redes sociais, ou medios de comunicación, para a información do transcurso da proba, antes, durante e despois de cada proba, creando páxinas de información propias da organización da copa para divulgar o bo facer da copa e dos seus pilotos, copilotos e mecánicos (sempre relacionados coa competición e co **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**. Tódolos coches participantes terán que levar o selo do CRITERIUM nas partes que a organización determine. A carencia destes selos, ou a alteración, modificación e manipulación dos mesmos sen a autorización expresa da organización considerarase como falta grave, podendo aplicarse a expulsión do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**.

Tódalas modificacións unha vez seladas deberán ser aprobadas pola comisión do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**.

**Artigo 18.- COMITÉ ORGANIZADOR**

O Comité Organizador do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24** estará integrado por:

Director Técnico

D. Miguel A. Ortega Sestayo

Verificadores técnicos

D. José Antonio Martínez del Río

E aqueles que poidan ser designados pola Comisión para o bo funcionamento do **4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24**.